



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Xerontoloxía Social I	Código	653491002	
Titulación	Mestrado Universitario en Xerontoloxía (Plan 2011)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.maseda@udc.es	
Profesorado	Buján Mera, Ana Lorenzo López, Laura Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.bujan@udc.es laura.lorenzo.lopez@udc.es ana.maseda@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Coñecemento do fenómeno sociodemográfico do envellecemento. * Comprender a ancianidade e o proceso de envellecemento dentro do contexto social global. * Entender o envellecemento poboacional. Procesos e factores. * Coñecer as metáforas da vellez e a súa imaxe social. * Distinguir entre vellez clínica e vellez social. Acordos e desacordos. * Valorar axeitadamente o fenómeno da xubilación e os recursos de preparación para esta. * Coñecer e comprender as relacións familiares e interxeracionais no ámbito da vellez. * Afondar nas etapas da vellez e o posible incremento das carencias cos seus procesos de adaptación. Illamento e soidade. * Entender o estado da cuestión do binomio dependencia/autonomía. * Afondar nas políticas sociais dirixidas ás persoas maiores. Diferentes modelos. * Coñecer os servizos sociais en Xerontoloxía. Servizos primarios e especializados. * Estudo da planificación social na Xerontoloxía e o estudo de necesidades e demandas. Coñecer os modelos de programación, xestión e avaliación. * Afondar no estudo dun lecer activo cun tratamento especial do turismo social. * Coñecer os procesos da saúde e a calidade de vida co desenvolvemento de hábitos saudables e programas preventivos. * Estudo da problemática social e familiar dos maiores dependentes. * Estudo da ética e lexislación no benestar social das persoas maiores. * Análise dos métodos e técnicas da ciencia sociolóxica para o desenvolvemento de proxectos de investigación sobre a vellez e a ancianidade. 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Saber valorar de xeito integral ás persoas maiores así como utilizar os resultados da valoración para intervir de acordo ao diagnóstico preestablecido.
A2	Saber diagnosticar a patoloxía máis prevalente nas persoas maiores así como establecer as pautas terapéuticas máis indicadas, tanto desde o punto de vista farmacolóxico como non farmacolóxico.
A3	Saber diagnosticar os problemas sociais e/o sociosanitarios que inciden na persoa maior e poñer en marcha as medidas axeitadas a fin de conseguir o maior estado de benestar para el e o seu entorno.
A4	Estar en condicións de dirixir calquera recurso xerontolóxico.
A5	Saber realizar procuras en bases de datos científicas, así como aplicar os resultados das mesmas na consecución de proxectos de investigación.
A6	Adquirir as competencias necesarias para aplicar o método científico no desenvolvemento de proxectos.



A8	Coñecer as diferentes convocatorias públicas e privadas para a consecución de financiamento e estar en condicións de elaborar un proxecto.
A9	Incorporarse como xestor de proxectos a entidades de I+D+i.
A10	Saber analizar os resultados obtidos na actividade profesional a fin de poder integralos en liñas de investigación e dentro delas, en proxectos do eido da Xerontoloxía e a Xeriatria.
A11	Saber difundir os resultados obtidos na actividade asistencial a través das diferentes fontes de información xerontolóxicas e xeriátricas.
B1	Estar en disposición de integrarse en equipos de Saúde, centros xerontolóxicos e entidades que prestan servizos dirixidos as persoas maiores.
B2	Estar en disposición de incorporarse como profesional aos equipos de valoración e intervención creados no marco da denominada ?Lei da dependencia?.
B4	Ter o coñecemento para denominarse especialista en Xerontoloxía Social de acordo á especialidade desenvolvida.
B5	Ser capaz de aplicar o método científico.
B7	Estar en disposición de realizar actividades asistenciais e investigadoras de xeito integral nos campos social, sanitario e sociosanitario.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Trátase de que os/as alumnos/as, ao superar a materia, adquiren as competencias axeitadas para: * Situar a problemática das persoas maiores no contexto social que as orixina. * Investigar os factores sociais que afectan nos procesos de envellecemento, ao tempo que permitan establecer as necesidades e demandas dos maiores. * Planificar e xerar programas, proxectos, actividades e servizos, dentro de modelos dinámicos que permitan un posterior desenvolvemento de estratexias de intervención sociosanitaria. * Dirección de equipos multidisciplinares dentro dunhas políticas sociais que formulen o deseño duns proxectos que utilicen como eixes vertebradores a prevención, a interacción e a integración. * Dirixir e coordinar programas de preparación para a xubilación e adaptación á vellez. * Participación na orientación e mediación familiar en familias con persoas maiores. * Introducir procesos de concienciación da problemática da ancianidade nos medios familiares, así como o establecemento de directrices para a comunicación interxeracional. * Diseñar programas para xerar procesos de ocio activo dentro dunha contextualización global, así como establecer e impulsar modelos científicos e rigorosos de turismo social. * Asesorar aos responsables das administracións públicas na formación dos programas de benestar social dirixidos aos maiores. * Levar a cabo a función de coordinadores dos programas multidisciplinares de intervención pública para os maiores. * Asesorar as entidades privadas (fundacións, asociacións, ONGs, etc.) na formulación e xestión de proxectos para os maiores. * Introducir procesos de asociacionismo nas persoas maiores.	AP1 AP2 AP3 AP4 AI1 AI2 AI4 AI5 AM1 AM2	BP1 BP2 BP4 B1 BM1	CM1 CM3 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1: Introducción á Xerontoloxía Social	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Breve apunte histórico<ol style="list-style-type: none">2.1 Precusores2.2 Antecedentes científicos2.3 Consolidación3. Concepto de Xerontoloxía Social<ol style="list-style-type: none">3.1 A Xerontoloxía e as súas ramas3.2 A Xerontoloxía e a Xeriatría3.3 A multidiscipliniedade como característica básica da Xerontoloxía Social4. Teorías do envellecemento<ol style="list-style-type: none">4.1 Teorías biolóxicas4.2 Teorías psicolóxicas4.3 Teorías sociolóxicas5. Construción social do concepto de vellez<ol style="list-style-type: none">5.1 O concepto da vellez segundo distintos criterios5.2 Clasificación da vellez: distintas denominacións5.3 Falsas concepcións sobre a vellez: mitos e estereotipos5.4. Efectos macroeconómicos. Mercadotecnia para un segmento social emerxente: efectos macroeconómicos e sobre as empresas6. Características socio-demográficas das persoas maiores<ol style="list-style-type: none">6.1 O envellecemento da poboación nas sociedades desenvolvidas6.2 Fenómenos demográficos: natalidade, nupcialidade, mortalidade. Índice de envellecemento. Esperanza de vida. Coeficientes de ancianidade e de renovación.6.3 A relación demográfica entre os sexos: a feminización da vellez
Tema 2: Relacións familiares no marco da vellez	<ol style="list-style-type: none">1. Ancianidade e familia na actualidade. Necesidades da ancianidade na familia:<ol style="list-style-type: none">1.1 Fisiolóxicas1.2 Económicas1.3 Psíquicas1.4 Sociais2. Estrutura<ol style="list-style-type: none">2.1 Roles familiares2.2 Familia e modernización2.3 Cambio na estrutura familiar: xeracións e roles asociados3. Vellez e dependencia<ol style="list-style-type: none">3.1. Quen debe facerse cargo da dependencia<ol style="list-style-type: none">3.1.1 Contexto lexislativo: a Constitución española e a Lei de dependencia3.1.2 Como asumir a dependencia: manter no domicilio a persoas maiores con dependencia3.2. Perspectivas de coordinación3.3 A achega do ancián na familia



Tema 3: A xubilación	<ol style="list-style-type: none">1. Estrutura<ol style="list-style-type: none">1.1 O traballo moderno. A discriminación laboral por idade1.2 Tendencias laborais e novas modalidades1.3 Aptitude: mitos e feitos. Idade cronolóxica2. Xubilación<ol style="list-style-type: none">2.1 Marco da xubilación: teorías<ol style="list-style-type: none">2.1.1 Cambio de vida, cambios de roles2.1.2 A actitude ante a xubilación como elemento determinante2.1.3 A decisión de xubilarse e a calidade de vida2.2 O impacto da xubilación<ol style="list-style-type: none">2.2.1 Na área psicolóxica2.2.2 Na área cognitiva2.2.3 Na área do comportamento2.2.4 Na área psicoafectiva2.2.5 Impacto nas relacións sociais3. Preparación para a xubilación<ol style="list-style-type: none">3.1 Programas de preparación para a xubilación (PPJ)3.2 Preparación para a xubilación en Europa4. Muller maior e xubilación<ol style="list-style-type: none">4.1 O traballo do fogar4.2 Traballo fora do fogar4.3 Carreiras laborais femininas4.4 A xubilación feminina
Tema 4: Malos tratos no ancián: outra forma de violencia	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Conceptos básicos<ol style="list-style-type: none">2.1 Abusos físicos2.2 Abusos psicolóxicos2.3 Abusos económicos2.4 Neglixencia3. Epidemioloxía4. Factores de risco. Factores de risco en residencias5. Identificación y valoración do ancián maltratado<ol style="list-style-type: none">5.1 Anciáns que deben ser valorados5.2 Forma de levar a efecto a valoración do ancián maltratado5.3 Lugar de realización da valoración do ancián maltratado5.4 Sospeita de risco vital para o ancián maltratado6. Atención multidisciplinar ao anciá maltratado7. Prevención e solucións
Tema 5: Problemas deontolóxicos nas residencias de anciáns	<ol style="list-style-type: none">1. O papel dos coidados residenciais no marco da asistencia xerátrica2. Deontoloxía e residencias de anciáns. Principais factores condicionantes<ol style="list-style-type: none">2.1 Garantías de calidade asistencial2.2 Organigrama e equipos2.3 Características arquitectónicas e ambientais2.4 Existencia de programas específicos de intervención2.5 Responsabilidades do equipo médico3. A toma de decisións: procedemento e instrucións4. Principais problemas éticos en Xerontoloxía. Comités de ética asistencial



Tema 6: Políticas sociais e atención socio-sanitaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolvemento das políticas sociais dirixidas ás persoas maiores: planes de acción para as persoas maiores 2. Os modelo europeos, español e galego 3. O espazo socio-sanitario: <ol style="list-style-type: none"> 3.1 Características 3.2 Concertación e acreditación de centros socio-sanitarios 3.3 Coordinación e unidades socio-sanitarias
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 B1 B2 B4 B5 B7 C1 C3 C6 C7 C8	2	25	27
Seminario	A3 A11 B4 B7 C8 C6	14	21	35
Sesión maxistral	A3 A4 A5 A6 A8 B2 B4 C7	28	56	84
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Os temas expostos en clase, nas sesións de docencia expositiva haberán de superarse mediante un exame escrito.
Seminario	
Sesión maxistral	É a explicación por parte da profesora dos contidos da materia na aula na denominada docencia expositiva. Ocasionalmente apoiarase en soporte visual. As clases son para entender os conceptos e as teorías e formular posibles dúbidas sobre estes. Inclúiranse aquí as prácticas realizadas dentro da aula (comentarios, vídeos, lecturas de noticias de actualidade...).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Prestarase apoio aos/ás alumnos/as para a selección dos textos e facilitaráselles asesoramento en caso de dúbida para levar a cabo a recensión.
Sesión maxistral	As lecturas serán comentadas cos/oas propios/as alumnos/as. Prestarase apoio e asesoramento aos/ás alumnos/as para a realización de cada unha das prácticas ou traballos tutelados propostos. Durante a execución dos devanditos traballos o profesorado levará a cabo un seguimento destes e, unha vez finalizados e corrixidos, tratarase co/oa alumno/a sobre o seu contido para determinar os resultados e valoralos co obxectivo de desempeñar estas tarefas de asesoramento.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 B1 B2 B4 B5 B7 C1 C3 C6 C7 C8	Os temas expostos en clase, nas sesións de docencia expositiva haberán de superarse mediante un exame escrito.	70



Sesión maxistral	A3 A4 A5 A6 A8 B2 B4 C7	É a explicación por parte do profesor dos contidos da materia na aula na denominada docencia expositiva. Ocasionalmente apoiarase en soporte visual. As clases son para entender os conceptos e as teorías e formular posibles dúbidas sobre os mesmos. Incluíranse aquí as prácticas realizadas dentro da aula (comentarios, vídeos, lecturas de noticias de actualidade?).	30
------------------	----------------------------	--	----

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario ter superada proba obxectiva

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Millán Calenti JC (comp) (2006). Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: Mc-Graw Hill Interamericana - Hernández Rodríguez G et al. (2006). Sociología de la Vejez (pp. 43-112). En Millán Calenti JC. (comp.) Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: Mc-Graw Hill Interamericana - Mayán Santos JM (ed.) (2000). Gerontología Social. Santiago de Compostela: Segra Ediciones
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Adroher Biosca S. (coord.). (2000). Mayores y Familia. Madrid: Universidad P. Comillas y Mº Trabajo y Asuntos Sociales-IMSERSO - Amor Pan JR (2010). Bioética y Dependencia, Capítulo VI (pp. 271-339). A Coruña: Obra Social Caixa Galicia - Amor Pan JR (2010). Bioética y Dependencia. A Coruña: Obra Social Caixa Galicia - Campo Ladero MJ (2000). Apoyo informal a las personas mayores y el papel de la mujer cuidadora. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas - Casado D (2002). Manual de Servicios Sociales. Madrid: Polibea, Biblioteca de Intervención y Política Social - Fernández García T, Ares Parra A. (coords.) (2002). Servicios Sociales: Dirección Gestión y Planificación. Madrid: Alianza Editorial - Hernández Rodríguez G, Millán Calenti JC (2000). Ancianidad, Familia y Enfermedad de Alzheimer. A Coruña: Universidad de A Coruña - Hernández Rodríguez G (2000). Aportación de los mayores en la familia (pp. 69-97). En: Mayores Solidarios. Madrid: Cáritas Española - Hernández Rodríguez G (2001). Familia y Ancianos. Rev Educ. 325: 129-142 - López Azpitarte E (2006). Ética en Geriatría (pp. 351-364). En Millán Calenti JC. (comp.) Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: Mc-Graw Hill Interamericana - Meil Landwerlin G (2000). Imágenes de la solidaridad familiar. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas - Moragas Moragas R (1991). Gerontología social. Barcelona: Herder - Rodríguez Castedo A (dir.) (2005). Libro Blanco. Atención a las Personas en situación de Dependencia en España. Madrid: IMSERSO - Sánchez Vera P, Bote Díaz M (2007). Los mayores y el amor. Una perspectiva sociológica. Valencia: Nau Libres - Santamarina C et al. (2002). Percepciones sociales sobre las personas mayores. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (IMSERSO) <p>Libros recomendados para ?Lecturas?</p> <ul style="list-style-type: none"> de Beavoir S (2001). La vejez. Madrid: De Bolsillo Delibes M (2010). Cartas de amor a un sexagenario voluptuoso. Madrid: Destino. Delibes M (2010). Diario de un jubilado. Madrid: Destino. Delibes M (1978). El disputado voto del señor Cayo. Madrid: Destino. Delibes M (1979). La hoja roja. Barcelona: Argos Vergara. Friedan B (1994). La fuente de la edad. Madrid: Planeta. Hemingway E (2012). El viejo y el mar. Madrid: De Bolsillo. Missinne LE (2004). Reflexiones sobre la vejez. Madrid: CCS

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Valoración e intervención en Xerontoloxía/653491001

Economía Xerontolóxica/653491021

Intervención Pedagóxica en Xerontoloxía/653491027

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Metodoloxía da Investigación en Xerontoloxía/653491004

O proxecto de investigación en Xerontoloxía/653491016

Lecer e Tempo Libre en Xerontoloxía/653491025

Materias que continúan o temario

Xerontoloxía Social II/653491009

Atención Sociosanitaria/653491010

Demografía da anciandade/653491012

Psicobioloxía do avellentamento/653491022

Observacións

- Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do I Plan de Sostibilidade Medio- Ambiental

Green Campus FCS, os traballos documentais que se realicen nesta

materia:a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías